

II Carreira Popular

Campus Terra Leyma

Lugo 2 de decembro

O Campus Terra da Universidade de Santiago de Compostela, mediante o Servizo de Deportes, quere promocionar a actividade deportiva dentro da cidadanía luguesa e de Galiza en xeral, promovendo unha actividade moi en boga na actualidade como é unha carreira popular, e o mesmo tempo, promocionar e dar a coñecer o Campus Terra de Lugo.

Así mesmo, esta carreira terá un carácter solidario, ca celebración da “ V Carreira Universitaria contra a droga”. A “Fundación Galega contra o narcotráfico”, dará unha serie de charlas e fará unhas exposicións para dar a coñecer a súa laboura.

Tamén temos que sulñar que esta carreira terá carácter internacional. A USC xunto cas universidades públicas galegas (Universidade de Vigo, e a Universidade da Coruña) e as universidades do norte de Portugal (Universidade de Miño, Universidade de Porto, e a Universidade do Alto Douro e Tras os Montes), participa nos denominados “Xogos Galaico-Durienses”, actividades deportivas e sociais, que serven para o intercambio de experiencias entre os universitarios das anteditas universidades. Neste senso, farase unha clasificación universitaria o marxe da clasificación xeral.

A participación destas universidades, traería tamén a pernoctación dun grupo importante de xente na cidade.

Organización:

Universidade de Santiago de Compostela

Patrocinios:

Campus Terra

Lácteos Lence (Leyma Natura)

Concello de Lugo

Colaboracións:

Federación Galega de Atletismo

Protección Civil

El Progreso

Universidade de Vigo UVi

Universidade da Coruña UdC

Universidade de Porto UP

Universidade de Minho UM

Universidade de Tras os Montes e Alto Douro UTAD

Colaboradores que aporten o avituallamento da carreira (bebidas isotónicas, augas, froita, chocalinas, etc...). En negociación con eles; o longo destes días, iranse concretando e pechando as colaboracións.

Regulamento:

Artigo 1: O Servizo de deportes da Universidade de Santiago de Compostela organiza a II Carreira Popular Campus Terra Leyma. As probas terán lugar o **próximo domingo día 2 de decembro ás 11:30 horas**, con saídas e chegadas no Estadio de atletismo Gregorio Pérez Rivera.

Artigo 2: As probas estarán abertas a todos os atletas, federados ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade. Cada atleta participa baixo a súa responsabilidade e dispón de unha condición física suficiente para rematar a proba.

Artigo 3: Percorridos, categorías, distancias e horarios:

Nas probas de categorías inferiores, o circuíto serán as propias pistas de atletismo Gregorio Pérez Rivera.

O circuíto para as probas de Escolares 2 e Adultos, será sobre asfalto e terra e estará pechado a todos os vehículos, agás os autorizados pola organización, o recorrido estará controlado por vehículos da organización.

CATEGORÍA	ANO NACEMENTO	DISTANCIA	HORARIO
Pitufos	2013 en diante	150 m	11.30 h
Promoción	2010-2012	400 m	11.35 h
Escolares 1	2006-2009	800 m	11.40 h
Escolares 2	2002-2005	1630 m	11.50 h
SENIOR	2001- até os 34 anos	7400 m	12.00 h
MÁSTER A	Dende os 35 até os 44	7400 m	12.00 h
MÁSTER B	Dende os 45 até os 54	7400 m	12.00 h
MÁSTER C	Dende os 55 e anteriores	7400 m	12.00 h

Artigo 4: Condicións de Participación:

- As inscricións faranse a través da paxina web da Federación Galega de Atletismo ([ligazón da inscrición](#))
- As inscricións pecharanse o mércores día 28 de novembro ás 23:59 horas.
- Os participantes comprométese a aceptar o presente regulamento, así como as posibles modificacións que poidan xurdir o día das probas.
- **Dende a organización pregamos encarecidamente o uso da camiseta oficial da carreira.**
- A inscrición nas diferentes probas é persoal e intransferible.
- A realización da inscrición implica ter lido, entendido e aceptado o presente regulamento, incluíndo o punto referente á condición física do participante, que sexa suficiente para a realización da proba.
- A proba estará controlada pola Federación Galega de Atletismo, e estarán capacitados para descualificar a calquera atleta que incumpra o regulamento.

Motivo de descualificación son, entre outros, os seguintes aspectos:

- Non respectar as indicacións dadas pola organización.
- Non realizar todo o circuíto da carreira.
- Non levar dorsal ou manipular este.
- Falsificar datos persoais.
 - Todo o non disposto na presente normativa rexerese polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores

Artigo 5: Inscripción:

A **inscripción** farase exclusivamente a través da páxina da Federación Galega de atletismo e terá un custe para a proba de adultos de **5 € por persoa**. ([ligazón inscrición](#))

Os datos necesarios para a inscrición son: nome e apelidos, NIF, sexo, data de nacemento, enderezo, concello de empadramento, teléfono móbil, teléfono fixo, correo electrónico e club. Tamén deberán sinalar se corre como popular ou federado, e neste caso facilitarase o número de licenza.

Artigo 6: Retirada de Dorsais:

Os dorsais retiraranse o día anterior á proba no Edificio da Biblioteca Intercentros do Campus Terra de Lugo, dende as 16.00 h. até as 20.00 h; e só se poderán retirar o mesmo día da proba aqueles que non sexan do Concello de Lugo, na zona habilitada pola organización, até media hora antes da saída de cada proba.

Artigo 7: Premios:

- Todos os participantes recibirán unha camiseta técnica que pregamos leven posta o día da proba.
- Haberá un trofeo para os tres primeiros de cada categoría e sexo.
- A entrega de premios será no Estadio Gregorio Pérez Rivera e comezará, aproximadamente ás 13.00h.
- Haberá unha clasificación individual universitaria con premios para as 3 mellores mulleres e homes, (terán consideración universitaria o alumnado, o PAS e o PDI)

Artigo 8: Servizos para os participantes:

Os participantes gozarán dos seguintes servizos antes, durante e despois da carreira.

1. Aparcadoiro gratuito (ata ocupación das prazas existentes).
2. Servizos na zona de saída-chegada.
3. Recollida de dorsais, imperdíveis e chips.
4. Vestiarios e duchas no propio Estadio.
5. Avituallamento ao final de cada carreira para todos os participantes.
6. Avituallamento líquido no km 4 da proba.
7. Ambulancia con médico (todos os accidentes acontecidos deberán ser previamente informados ao organizador da proba e o traslado do ferido, se fose necesario, será para os centros sanitarios que teñan convenio ca compañía de seguros que corresponda).

Artigo 9: Seguro:

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba.

Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.

Publicitación:

Esta carreira, será publicitada do seguinte xeito:

1. Farase unha presentación pública na Vicerreitoría do Campus Terra para os medios de comunicación, onde participarán:
 - Vicerreitor de Coordinación do Campus Terra
 - Vicerreitora de Servizos Universitarios do Campus Terra
 - Patrocinador principal da proba
 - Presidente da Federación Galega de Atletismo
2. Impresión de carteis e dípticos, que serán distribuídos polos centros universitarios, e locais comerciais da cidade.
3. Comunicación da carreira os distintos clubs de corredores populares da cidade e da provincia.
4. Publicación na páxina oficial da Federación Galega de Atletismo, e nas páxinas “Correr en Galicia” e “Carreiras Galegas”
5. Inclusión en prensa de publicidade da proba.
6. Publicitación as outras universidades de Galicia (Vigo e Coruña), e as universidades de Minho, Porto e “Tras os Montes e Alto Douro” do norte de Portugal.

Percorrido da proba Escolares 2:

Saída dende a liña de meta nas pistas Gregorio Pérez Rivera, no sentido das agullas do reloxo, e despois de trescentos metros os atletas sairán do recinto deportivo con dirección á Piscina das Pedreiras, pasarase por diante da porta principal da Facultade de Humanidades, e darase a volta a propia facultade, dirixíndose de novo a instalación atlética, pola cal darán unha volta a pista, esta vez no sentido contrario as agullas do reloxo, e entrarán en meta. En total unha distancia de 1630 m.

Percorrido proba de adultos (Track da carreira)

O percorrido sería polo Campus Terra, e nas inmediacións do mesmo, procurando interromper o tráfico ordinario o menos posible. A distancia a cubrir é de 7400 m aproximadamente.

A saída estará situada na recta principal das pistas Gregorio Pérez Rivera, dando unha volta as mesmas no sentido das agullas do reloxo, e saíndo do estadio e collendo para a dereita dirección á Piscina das Pedreiras; xiro a esquerda hacia o Pazo de Deportes, pasar entre o Pazo e o anexo o Pazo, e baixada hacia a pasarela do Miño pola estrada de acceso o pavillón. Pasaremos o parque do Miño pola pasarela de madeira, e o rematar a mesma iremos hacia a esquerda. Xiro de 180 grados para dirixirnos hacia a Ponte Branca pola pista de zaorra pegada a Nacional. Unha vez se chegue o inicio da Ponte Branca, xiro de 180º e volta hacia a pasarela de madeira. Subirase a mesma, e unha vez na rúa, iremos hacia a esquerda dirección Facultade de Administración e Dirección de Empresas. Subirase pola parte da valgada do Campus, e xiro de 90º a esquerda para pasar polo aparcamento da Facultade até a rúa Alfonso X. Unha vez alí, xiro de 180º hacia o Ibader, baixarase de novo a valgada e xiro de 90 º a esquerda hacia a Facultade de Veterinaria, polo camiño de pedras da mesma. Volta pola parte posterior de Veterinaria, rodeando o Hospital Veterinario Rof Codina, e subirase polas ruas internas da Facultade saíndo a rúa Carballo Calero, continuando pola rúa Pablo Iglesias até a rúa Benigno Ledo, pola cal baixarase até a carballeira situada por debaixo da Escola Politécnica; xiro de 90º á dereita hacia o aparcamento da Biblioteca Intercentros, xiro de novo a dereita polo aparcamento até media altura do mesmo, onde se fará un xiro de 180º para baixar pola parte dereita do aparcamento, pegados o CACTUS, até o camiño entre a parte posterior do edificio da Biblioteca Intercentros e o edificio da gardeiría. Seguirase polo camiño de pedra da carballeira, para saír á rotonda entre a Facultade de Humanidades e a Piscina das Pedreiras. Continuarase hacia o norte, bordeando a Facultade de Humanidades e chegarase a rúa Benigno Ledo en dirección á Piscina, xirando a esquerda hacia as pistas de atletismo Gregorio Pérez Rivera, onde despois de dar casi unha volta no sentido contrario as agullas do reloxo, chegarase a meta situada na recta principal das pistas.

Neste percorrido, inténtase causar os menos incordios o tráfico, e nos sitios onde non é posible esquivar o mesmo, hai beirarúas amplas e zoas de aparcamento, que non entorpecerían o mesmo, só faría falla delimitar o circuíto cuns conos e señalizamento con cinta de cores.



Circuito senior e veteráns, parte 1ª



Circuíto senior e veteráns, parte 2ª



Circuíto senior e veteráns, parte 3ª